

Literatura: Tema 11

A PROSA DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS 80 E DOS 90. PROSISTAS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.

Introdución (vid. tema 10). A consolidación da prosa literaria galega é unha conquista levada a cabo nas últimas décadas do séc. XX, que se manifesta nos seus dous xéneros principais: o ensaio e a narrativa.

A NARRATIVA. Características xerais da narrativa galega a partir do ano 1975:

1. Consolidación e grande cultivo deste xénero¹: neste pulo influíron factores como a introdución da nosa lingua no sistema escolar e a creación de novas editoriais e de premios narrativos (Premio Novela Galaxia, Premio Xerais...). Este auxo da narrativa vai ter unha consecuencia interesante no noso sistema literario: por primeira vez o escritor galego é consciente da existencia dun público e dun mercado, e mesmo pode sentirse un “profesional” da literatura (así o fixeron Manuel Rivas e Suso de Toro nos anos 90).
2. Importante diversificación na temática: séguense tratando os temas máis tradicionais, xunto con outros que reflicten o novo panorama social (narcotráfico, paro, delincuencia, ecoloxismo, e temas femininos).
3. Aparición de novos subxéneros narrativos:
 - a. **Novela policiáca** ou **novela negra**: *Crime en Compostela* (1984), de **Carlos Reigosa**, inaugurou este subxénero nas nosas letras, con grande éxito. **Miguel Anxo Fernández** é autor dunha serie de novelas protagonizadas polo detective Frank Soutelo e ambientadas en Hollywood. Salientan na actualidade dous autores: **Diego Ameixeiras** e o recentemente falecido **Domingo Villar**, con *Ollos de auga* (2006), *A praia dos afogados* (2009) e a recentísima *O último barco* (2019), novelas de grande éxito, traducidas a varios idiomas e con [versión cinematográfica](#).
 - b. **Novela do oeste** ou **western**: *A morte de Frank González* (1975), de **X. Fernández Ferreiro** ou **Carlos Reigosa** e *Por unha presa de machacantes* (1997).
 - c. **A ficción científica**: salienta **Ramón Caride**, con títulos como *Perigo vexetal* (1996); *As flores radiactivas* (1990) de Agustín Fernández Paz; ou *Os kowa* (2016) de **Xavier Queipo**.
 - d. **Narrativa histórica**: *Un home de Vilameán*, de Xoán Bernárdez Vilar (1976), inicia este xénero despois de 1975 e combina a ficción e a crónica histórica sobre a segunda Revolución Irmandiña. *Morte de rei*, de **Darío Xohán Cabana**, recrea a figura do rei Don García. *O tema da Guerra Civil*, xa inaugurado polos narradores do exilio, conta cun grande cultivo: *Os mortos daquel verán*, de **Carlos Casares**, *Agosto do 36*, de **X. Fernández Ferreiro**, *O lapis do carpinteiro* de **Manuel Rivas** ou *As regras de Bakunin*, de **Antón Riveiro Coello**, son algúns dos títulos.
 - e. **A narrativa artúrica** (*Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana), **de aventuras** (*Morning Star*, de Xosé Miranda), **de misterio ou terror**, **a humorística** e **o relato erótico** son outras modalidades narrativas.
 - f. Mención á parte merece **a narrativa infantil e xuvenil**, que goza do auxo provocado pola implantación do galego no ensino e favorecido pola creación de coleccións (Merlín, Xabarín) e editoriais (Kalandraja, Oqo) específicas para os novos lectores. Os temas tratados son moi diversos (fantástico, aventuras, misterio, problemáticas da infancia e a mocidade) e a nómina de autores e autoras é moi ampla. Salientan **Agustín Fernández Paz**, **Fina Casalderrey** ou **Ledicia Costas** (**Premio Nacional de Literatura Infantil e Juvenil 2015 con *Escarlatina a cociñeira defunta***) ou **Eva Mejuto**: autoras de grande éxito, con traducións e premios internacionais.
4. Na forma e na técnica continúa a experimentación, iniciada xa na posguerra coa Nova Narrativa Galega:
 - a. Os personaxes deixan de ser os heroes centrais arredor dos cales xira a historia.
 - b. Prodúcese rupturas na presentación cronolóxica dos feitos.
 - c. Deixa de ser predominante o narrador omnisciente e emprégase o multiperspectivismo.
 - d. Con frecuencia aparecen varias historias combinadas.
 - e. Desaparecen os límites da novela e inclúense nela anuncios, informes, textos xornalísticos...

Na narrativa actual conflúen **varias xeracións de autores**:

- Os xa consolidados e que continúan escribindo após 1975: Neira Vilas, Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín ou M^a Xosé Queizán, autores que asumirán o papel de referentes para as novas xeracións.
- Tres promocións de novos narradores, que se darán a coñecer sucesivamente:
 - **Narradores dos 80**: Víctor Freixanes, Darío Xohán Cabana, Manuel Rivas, Suso de Toro...

¹Os seguintes datos son relevantes: no ano 1972 publícanse 13 novos títulos narrativos; en 1981 son 20 e 53 no ano 1996.

- **Narradores dos 90:** Marilar Aleixandre, Gonzalo Navaza, Antón Riveiro Coello, Xosé Miranda, Fran Alonso, Xabier Queipo, Xurxo Souto...
- **Xeración do novo século:** seguen incorporándose voces narrativas (Domingo Villar, Sechu Sendra, Pedro Feijoo), mais podemos falar dunha verdadeira eclosión da narrativa escrita por mulleres: Anxos Sumai (*Anxos de garda*), Inma López Silva, Rosa Aneiros, **María Reimóndez** (*O club da calceta*), Emma Pedreira, **Teresa Moure** (*Herba Moura*), Xina Vega ou Berta Davila son exemplos dunha longa nómina que continúa medrando.

Ímonos centrar nalgúns autores/as escollidos por seren representativos da evolución da narrativa máis recente:

- **Suso DE TORO** (Santiago, 1956): colaborador habitual na prensa galega e estatal, a súa narrativa afástase dos tópicos culturais galegos e segue unha liña crítica e experimentalista, caracterizada pola presenza do humor e a ironía e polo emprego dun rexistro coloquial. Nos seus libros de relatos *Polaroid* (1986) ou nas novelas *Land-Rover* (1988) recrea un mundo urbano onde predominan personaxes marxinais. Nos seus últimos títulos dirixiu a súa obra cara a unha liña máis clásica.
- **Manuel RIVAS** (A Coruña, 1957): xornalista importante na prensa estatal e defensor do xornalismo en galego, amais de poeta é un narrador de grande éxito, con obras caracterizadas pola síntese do tradicional e o contemporáneo. Os seus primeiros éxitos foron o libro de relatos *Un millón de vacas* e a novela *Os comedores de patacas* (1990), onde reflicte o encontro do mundo rural galego e o mundo urbano. Os libros de relatos *Que me queres, amor* (1995) e *O lapis do carpinteiro* (1998), que recollen o tema da Guerra Civil, consolidano como un dos grandes narradores de hoxe, levan a súa literatura á pantalla e convérteno nun dos autores galegos máis traducidos.
- **Teresa MOURE** (Monforte de Lemos, 1969): profesora da USC, esta escritora, representativa da última promoción de narradoras, é unha autora moi premiada, tanto no ámbito da narrativa como no do ensaio. Na súa obra, dunha fonda intencionalidade moral, aparecen temas como a situación social da muller, a ecoloxía, o pacifismo, o multiculturalismo... Nos últimos anos foi noticia por editar as súas obras en lingua portuguesa. Algúns dos seus títulos son: *Herba moura* (2005) ou *Politicamente incorreta* (Através Editora, 2015).

O ENSAIO

O ensaio experimenta un importante crecemento desde os anos 80, debido, entre outros, aos seguintes **factores**:

1. A aparición ou consolidación de revistas de pensamento, que comparten unha visión moderna e regaleizadora: *Grial*; *Encrucillada* (1977), *Festa da Palabra Silenciada* (1983); *Luzes de Galiza* (1985), *A Trabe de Ouro* (1990), ou máis recentemente *Tempos Novos* (1997) e *Luzes* (2013).
2. A creación de coleccións específicas nas editoriais, a tradución de textos doutras linguas, e a aparición de premios dirixidos ao ensaio, dos cales salienta o Premio Ramón Piñeiro, cuxa última gañadora foi Yolanda Castaño co ensaio *Economía e poesía: rimas internas*.
3. A galeguización de certos ámbitos universitarios, o que permitiu –como xa pasara antes da Guerra co Seminario de Estudos Galegos– a aparición de novas liñas de investigación sobre Galicia e en galego.

No ensaio actual danse **varias liñas temáticas** e unha nómina de autores moi extensa:

1. **O ensaio económico e político:** salientan **Xosé Manuel Beiras**, autor d'*O atraso económico de Galicia* (1972), un fito no ámbito do ensaio. **Camilo Nogueira** (*A memoria da nación: o Reino de Gallaecia*), Ramón Villares (*Identidade e afectos patrios*, 2017), **Xusto Beramendi** (*A Galicia autónoma. Os primeiros pasos da autonomía*, 2007).
2. **O ensaio sociolingüístico:** no ámbito do reintegracionismo destaca **Ricardo Carvalho Calero** (*Da fala e da escrita*), son importantes tamén as achegas de **Pilar García Negro** (*Sempre en galego, O galego e as leis*), **Manuel Portas**, **Henrique Monteagudo** ou **Teresa Moure**, co seu recente *Outro idioma é posible*.
3. **No campo da filosofía** é importante mencionar a “**Aula Castelao de Filosofía**”, que organiza anualmente unha “Semana de Filosofía” en Pontevedra. Salientan **Antón Baamonde**, **Marcial Gondar** (*Crítica da razón galega*), Francisco Sampedro ou **Rebeca Baceiredo** (*Os corpos inscritos e os textos escritos. Xénero, moda e literatura*, 2023).
4. **O ensaio feminista**, con María Xosé Queizán como referente (*Festa da palabra silenciada*), Carme Blanco ou Carme Adán. E o **premio Xohana Torres** para o coñecemento das mulleres (gañado en 2023 por Montse Fajardo coa obra *Caidas*, sobre o papel das mulleres no franquismo).
5. **O ensaio literario:** podemos citar a **Xan González Millán**, **Dolores Vilavedra** ou **Antón Figueroa** (*Diglosia e texto*).
6. **O ensaio de orientación ecoloxista** (*O natural é político*, de **Teresa Moure**) son outras liñas temáticas ou o ensaio de divulgación científica (*Unha mente que voa. Unha mirada á evolución da linguaxe*, de Xurxo Mariño).